

Carreira Pedestre do Románico

Negreira, 23 agosto 2025



INSCRICIÓN EN: CARREIRASGALEGAS.COM



1. IDEOLOXÍA

Ao abeiro da FEIRA DO ROMÁNICO, a celebrar os días 5, 6 e 7 de setembro de 2025, organízase esta carreira popular vertebrada co Pazo do Cotón, emblema de Negreira, con distancias non moi longas para ser asequibles a tod@s@s participantes. Por suposto, a carreira nace como complemento as actividades que van a ter lugar durante a festa de recreación histórica. Tamén por suposto, todas as idades terán acubillo nas distintas categorías que conforman a carreira. Os actos da proba concluirán coa cerimonia de entrega de premios e do avituallamento líquido e sólido de rigor. Convidamos a tod@s@s amantes do atletismo a participar nesta primeira edición e a vir caracterizados!!

2. CATEGORÍAS-DISTANCIAS-HORARIOS-PERCORRIDOS

Categorías Datas nacemento

Pitufos (2018-2022)

Benxamín (2016-2017)

Alevín (2014-2015)

Infantil (2012-2013)

Cadete (2010-2011)

Xuvenil (2008-2009)

Absoluta (2007 e anteriores)

Probas Horario Distancia

Categoría Pitufos 18:00 h 100 m. aprox.

Categoría Benxamín e Alevín 18:15 h 1.000 m aprox.

Categoría Infantil e Cadete 18:40 h 2.000 m aprox.

Categoría Absoluta e xuvenil 19:30 h 5.000 m aprox.

3. NORMATIVA XERAL E DE SEGURIDADE

1. Rexerase pola regulamentación de Seguridade Viaria do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, que establece os requisitos esixidos para a celebración de probas deportivas na vía urbana (Real Decreto 1428/2003 do 21 de novembro, publicado no BOE nº 306 do 23 de decembro de 2003 sobre a ocupación da vía pública; e o Real Decreto 849/1993 do 4 de xuño de 2003, sobre a contratación do seguro de responsabilidade civil e de accidentes).

2. Cada proba estará subscrita ao seguro de responsabilidade civil do Concello de Negreira. Tamén contará cun seguro de accidentes que terá as coberturas mínimas esixidas no Real Decreto 849/1993.

3. A organización da proba resérvase o dereito a modificar horarios e ou percorridos, así como aprazar ou suspender a carreira se así o estima oportuno por razóns de seguridade.

4. No caso de que para o día de celebración da proba se decrete unha alerta laranxa a proba será suspendida automaticamente. Buscarase unha data adecuada para desenvolve-la e non se devolverán os cartos da inscrición.

5. Os atletas que durante o transcurso da proba, circulen por fóra do espazo delimitado polos vehículos de sinalización de inicio e fin de carreira, considéranse a todos os efectos usuarios normais da vía.

6. Toda persoa que corra sen estar inscrita, farao baixo a súa responsabilidade e non poderá participar de trofeos nin obsequios. Tampouco estará amparada polos seguros da proba.

7. Debido ao carácter estritamente deportivo e popular da proba non se admitirán reclamacións. A participación é libre e leva implícito a aceptación do Regulamento Xeral da proba. A Comisión Organizadora non se fará responsable dos danos físicos, morais ou materiais que ocasione a participación nesta carreira. O non recollido no mesmo resolverase segundo o criterio da comisión organizadora, sendo as súas decisións inapelables.

8. A organización porá a disposición dos participantes na carreira unha instalación para que se poidan cambiar e duchar, así como un servizo de garda roupa.

9. Os únicos vehículos que poderán seguir a proba, serán os autorizados pola organización.

10. Descualificacións:

- O servizo médico da competición está facultado para retirar durante a proba a calquera atleta que manifeste un mal estado físico.
- Todo atleta que non realice o percorrido completo.
- O atleta que manifeste un comportamento non deportivo ou se reitere en protestas ante a organización.

4. DEREITOS DE IMAXE, USOS DE DATOS E AUTORIZACIÓNS

Os deportistas inscritos comprométese a aceptar estritamente o presente regulamento e calquera posible modificación. Os menores de idade inscribíranse baixo a supervisión e autorización paterna ou dun titor legal. A inscrición dos menores nas distintas probas implica a autorización paterna ou do titor legal para a súa participación.

A realización da inscrición implica ter lido, entendido e adquirido os compromisos que a continuación se expoñen:

- O atleta inscrito declara que está en bo estado físico e ten pasado os pertinentes recoñecementos de saúde.
- Calquera atleta con problemas médicos (alerxia, atencións especiais,...) deberá facelo constar no reverso do dorsal da proba.
- O atleta inscrito autoriza e acepta a publicación do seu nome e apelidos e a súa imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e internet, (...) para a promoción do deporte. Calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización da súa imaxe previa solicitude expresa por escrito.

5. SISTEMA DE CRONOMETRAXE, CHIPS E RECOLLIDA DE DORSAIS

- Para controlar as probas estableceranse controis de cronometraxe por chip. Todas as probas, agás a categoría pitufo, serán cronometradas. A proba de categoría pitufo iniciárase desde un punto situado a 100 m. ata a meta. O resto das carreiras terán a saída do Pazo do Cotón e a meta no mesmo sitio.
- Será obrigatorio o uso de chip para todas as categorías (facilitado pola organización), agás pitufo.
- Será obrigatorio o uso de dorsal para todas as categorías (facilitado pola organización).
- O atleta que non porte o chip non poderá entrar na clasificación.
- O atleta que non porte dorsal poderá ser descualificado se así o estima a dirección de carreira.
- O horario de apertura das mesas: a mesa de recollida de dorsais abrirá ás 16:00 e estará situada na Praza do Cotón (ao lado do Pazo do Cotón). Os dorsais e chips poderanse recoller ata 20 minutos antes do inicio da proba.

- A retirada de dorsal e chip deberá realizarse como mínimo con 15 minutos de antelación ao inicio da carreira.
- Os chips son persoais e intransferibles polo que a suplantación da personalidade dos atletas, sancionárase coa descualificación do portador e do/a atleta suplantado, anulando todos os dereitos adquiridos na inscrición.

6. INSCRICIÓN

O prazo de inscrición para todas as categorías pecharase o xoves 21 de agosto ás 23:59h., e non se aceptará ningunha inscrición unha vez rematado dito prazo.

As inscricións para os atletas realizaranse a través da páxina web da Federación tanto para os deportistas de categoría absoluta coma os deportistas das categorías de base.

A dirección é a seguinte: <https://goo.su/iOJHhE0>

Cotas de inscrición:

- 5€ para a categoría absoluta.
- Gratis para as categorías de base.

7. CLASIFICACIÓN, TROFEOS/MEDALLAS e ENTREGA DE PREMIOS

. Habrá 3 premios para os mellores caracterizados (escolares e adultos)

- Clasificacións da proba absoluta:
- Optan a esta clasificación todos os/as atletas participantes na proba.
- Recibirán TROFEO e subirán ao podio os dous primeiros/as clasificados/as na categoría xeral (os dous primeiros e primeiras que entren na meta).

- Clasificacións das probas de base:
- Recibirán medalla e trofeo e subirán ao podio os dous primeiros e primeiras clasificados/as en cada unha das categorías (benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil).
- Ademais na categoría pitufo, recibirán un agasallo conmemorativa para todos os participantes na proba.

- Entrega de premios:
- A entrega de premios está prevista para ás 21h 00´ para todas as categorías. A entrega de premios terá lugar no Pazo do Cotón, lugar no que se habilitará un podio.

8. ORGANIZAN

Concello de Negreira e Club Atletismo Negreira

ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO: Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e WA en vigor.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil, así como a xestión da licenza de día de ránking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a Lei de Protección de datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Praza Agustín Díaz, s/n. 15008. A Coruña.

I CARREIRA DO ROMANICO

23.AG.2025



CARREIRA ESCOLARES

PITUFOS:

100 m. CAMPO DA FEIRA

HORARIO SAÍDA: 18:00 H.

DENDE AS 17:30 H PECHÉ DO
CIRCUITO NAS RÚAS AFECTADAS
POLO PERCORRIDO.

www.concellodenegreira.es

I CARREIRA DO ROMANICO 23.AG.2025



CARREIRA ESCOLARES

BENXAMIN ALEVIN:

**1.000 m. (1 volta ao
circuito)**

HORARIO SAÍDA: 18:15 H.

INFANTIL e CADETE

**2.000 m. (2 voltas ao
circuito)**

HORARIO SAÍDA: 18:40 H.

**DENDE AS 17:30 H PECHÉ DO
CIRCUITO NAS RÚAS AFECTADAS
POLO PERCORRIDO.**



www.concellodenegreira.es